

## ANUNCIO

Por Resolución da Alcaldía nº 557/2023 aprobouse a listaxe definitiva de persoas aspirantes admitidas e excluídas\_Animador/a Deportivo (C 23), da oferta de estabilización de emprego temporal do Concello de Rianxo 2022 que textualmente di:

## RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

**Aprobación da listaxe definitiva de persoas aspirantes admitidas e excluídas\_Animador/a Deportivo/a (C 23)**

## ANTECEDENTES

O día 02/05/2023 esta entidade publicou as listaxes provisionais de persoas admitidas e excluídas para tomar parte no proceso selectivo de dúas prazas de Animador/a Deportivo/a segundo a convocatoria publicada no BOE núm. 313, do 30/12/2022, BOP núm. 246, do 29/12/2022, a aprobación das bases xerais e específicas de estabilización Lei 20/2021 aprobadas pola Resolución da Alcaldía núm. 1029/2022, do 28/12/2022 na que establecía un prazo de 10 días hábiles (R.A. núm. 370/2023 do 21/04/2023).

## FUNDAMENTACIÓN

Unha vez rematado o prazo de presentación das emendas, e comprobadas as emendas presentadas de acordo co indicado, e no uso das atribucións dispostas no artigo 21.1 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, RESOLVO:

## PRIMEIRO

Aprobar a listaxe definitiva de persoas excluídas do citado proceso, que inclúe ás seguintes persoas solicitantes e polos motivos que se indican:

APELIDOS E NOME	DNI	CAUSA
Lorenzo Vicente, Abel	***0577**	1

Causas da exclusión:	
1	Non presenta Titulación requirida

## SEGUNDO

Aprobar a listaxe definitiva de persoas admitidas que se relacionan a continuación:

NÚM. ORDE	APELIDOS E NOME	DNI	PROBA DE GALEGO
1	Castaño Frieiro, Mauro	***8713**	Exento/a
2	Castelo Collazo, Jose Miguel	***7715**	Exento/a
3	Peral López, Daniel	***1274**	Non exento/a
4	Rial Lago, Bernardo	***7018**	Exento/a
5	Rodríguez Munin, Daniel	***6215**	Exento/a

### TERCEIRO

Dita Resolución publicarase no BOP da provincia da Coruña e no taboleiro de Editos do Concello de Rianxo e na web municipal.

### CUARTO

Contra esta resolución poderá interpoñerse potestativamente recurso de reposición, no prazo dun mes, ante o órgano que ditou o acto, ou directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, ante a Xurisdición Contenciosa – Administrativa, contados a partir do día seguinte da publicación no BOP.

Rianxo, 8 de xuño de 2023

O Alcalde en funcións, Adolfo Muíños Sánchez